

Recuperación da variedade tradicional de pemento de Arnoia

Obxectivos:

- Recuperar os caracteres típicos do pemento de Arnoia utilizando material mellorado previamente.
- Conseguir unha liña suficientemente estable e homoxénea susceptible de ser rexistrada.
- Dispor dun material rexistrado susceptible de ser multiplicado para que os agricultores da IXP podan utilizar semente certificada.



Imaxe 1: Vista xeral do campo de ensaio.

Tarefas desenvoltas

Realizouse un campo de ensaio con 40 parcelas elementais con plantas ao aire libre illadas dos polinizadores por gaiolas feitos de malla mosquiteira.

Utilizáronse 9 poboacións:

- Tres poboacións recollidas en dous parroquia de Arnoia e unha de Cortegada nunha prospección feita no ano 2001 polo Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM) codificadas como Arnoia-25 (Paixión), Arnoia-35 (Laixa) e Arnoia-55 (Meréns).

- Dúas poboacións facilitadas polo Concello de Arnoia no ano 2010 e conservada polo CIAM no seu Banco de Xermoplasma codificadas como Ar-CON01 e Ar-CON02
- Tres liñas seleccionadas pola Estación Experimental Agrícola do Baixo Miño codificadas como Ar-330-05, Ar-274-05 e Ar-159-08
- Unha liña facilitada polo Consello Regulador codificada como Ar-IXP2013.

Recolléronse datos de produción por parcela separando segundo o froito cumpra as especificacións morfolóxicas da variedade ou non.



Imaxe 2: Detalle dos froitos.

Mabegondo, 26 de setembro de 2016

O director do Centro de
Investigacións Agrarias de
Mabegondo

O investigador

Manuel López Luaces

Manuel Riveiro Leira